



FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO (3^º e 5^º Primaria)

- **Ata o 30 de xuño** estará aberto o prazo para solicitar libros deste fondo.
- As solicitudes estarán a disposición dos pais/nais/titores legais dos alumnos na conserxería do centro ou no enderezo electrónico <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmanuelfraga/>
- O centro asignará o uso dos libros de texto dispoñibles por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar. Terase en conta a situación persoal e familiar o 31 de decembro de 2013.
- Terán a consideración de membros computables da unidade familiar:
 - a) Os proxenitores non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o titor ou titores do alumnado.
 - b) Os/as fillos/as solteiros/as menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar.
 - c) Os/as fillos/as maiores de 18 anos discapacitados ou incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
No caso de separación legal ou divorcio, non se considera membro computable o/a proxenitor/a que non conviva co alumno. Non obstante, cando haxa custodia compartida téñense en conta ambos os dous proxenitores.
Terá a consideración de membro computable a persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar co/a proxenitor/a do alumnado. O alumnado suxeito a tutela ou garda da Xunta de Galicia ou con discapacidade igual ou superior ao 65 % non terá que acreditar datos da unidade familiar.
Non terá a consideración de membro computable da unidade familiar o agresor nos casos de violencia de xénero.
- Para os efectos desta orde, terase en conta a renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2013 dividida polo número de membros computables.
- Xunto coa solicitude, debidamente cuberta, presentárase a seguinte documentación:
 - a) **Identidade.** Achegarase copia do DNI ou NIE dos membros computables da unidade familiar, cando non autoricen a consulta de forma telemática.
 - b) **Membros computables da unidade familiar.** Achegarase copia do libro de familia onde figuren todos os membros computables. Nos casos en que non teñan libro de familia ou este non reflecta a situación o 31 de decembro de 2013, poderán acreditar o número de membros utilizando, entre outros, algún dos seguintes medios:
 - 1º. Sentenza xudicial de separación ou divorcio ou, de ser o caso, convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a menor.
 - 2º. Certificado ou volante de convivencia.
 - 3º. Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.
 - 4º. Certificado de falecemento.
 - c) **Grao de discapacidade.** Achegarase o certificado acreditativo do grao de discapacidade emitido polo órgano competente.
 - d) **Renda familiar.** Achegarase copia da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas ou, na falta desta, do certificado tributario de imputacións dos membros computables da unidade familiar distintos da persoa solicitante, **cando non autoricen a consulta de forma telemática.**
 - e) **Violencia de xénero.** Acreditarase en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
 - f) **Incapacitación xudicial** con patria potestade prorrogada ou rehabilitada. Acreditarase coa correspondente resolución xudicial.
 - g) **Tutela ou garda da Xunta de Galicia.** Achegarase a resolución xustificativa do acollemento familiar ou o certificado do centro de menores. .
- Se a solicitude se presenta no centro docente onde está matriculado o alumno presentárase orixinal e copia da documentación, co fin de que a persoa que a reciba poida verificar a autenticidade da copia e devolva os orixinais. En caso de que a presentación non se faga no centro deberá presentarse orixinal ou copia debidamente compulsada.
 - A relación provisional de solicitudes admitidas e excluídas publicárase no taboleiro de anuncios e/ou páxina web do centro docente o **7 de xullo de 2015**.
 - As persoas interesadas poderán formular reclamación no centro os días 8 e 9 de xullo de 2015.
 - A relación definitiva de solicitudes admitidas e, de ser o caso, a de excluídas, publicárase no taboleiro de anuncios e/ou páxina web do centro docente o **15 de xullo de 2015**
 - O centro poderá entregar os libros de texto asignados a cada alumno/a os días 16 e 17 de xullo de 2015, ou pospoñer a súa entrega ata o inicio do curso.

